

ANUNCIO RESULTADOS PROVISIONAIS DA PROBA PRÁCTICA E DO PROCESO SELECTIVO DUNHA VACANTE DE CHOFER-CONDUTOR/A EN QUENDA DE PROMOCIÓN INTERNA OEP 2019

Publicación dos acordos do tribunal na sesión do día 2 de maio de 2023

Faise público que o tribunal de selección do antedito proceso selectivo, nomeado mediante resolución da Alcaldía núm. 242/2023, na súa sesión do 2 de maio de 2023, adoptou os seguintes acordos, cuxos antecedentes, fundamentos e contido se transcriben como figuran na acta da sesión:

“En data 02.05.2023 reúnese ás 16:30 h na casa consistorial de Fene o tribunal de selección do proceso selectivo para a cobertura, en quenda de promoción interna e mediante persoal funcionario de carreira, dunha vacante de chofer condutor/a incluída na OEP do Concello de Fene do ano 2019.

[...]

O asunto da sesión é determinar o contido da proba práctica, así como fixar os criterios para a súa avaliación/corrección/puntuación, consonte ao establecido nas bases específicas da convocatoria.

O contido da proba, composta de dous supostos prácticos, e dos criterios de corrección determinados polo tribunal é o seguinte:

Proba 1: Condución na estrada

Antes do comezo da condución deberá comprobar calquera fuga de líquido anticonxelante, líquido hidráulico, aceite e diésel. revisar os niveis de produtos líquidos en ámbalas partes do motor (comprobar que o aceite estea cheo) e comprobar que todas as tapas contendo líquidos estean ben pechadas. **(2 puntos)**

A saída do camiión será desde a rampla de lavado da nave de San Paio, a primeira manobra consistirá en arrincar e iniciar a manobra de marcha atrás para iniciar a saída cara á estrada. **(1 punto)**

Saída da Nave de San Paio cara a rúa Porto do Río, pasando pola rúa de Sixto Mauriz, e continuando pola Avenida Porta do Sol/Nacional VI ,en dirección ao cemiterio Municipal. Deberá respectar tanto a sinalización horizontal como vertical, así como a velocidade máxima permitida, restando un punto por cada fallo na devandita sinalización ou velocidade. **(3 puntos)**

Proba 2. Manobra en circuíto pechado

Nunha rúa do Cemiterio Municipal deberá realizar manobra de marcha adiante para aproximarse a contedor RSU, e logo manobra de marcha atrás en aproximación a outro contedor RSU, a puntuación máxima será se a aproximación queda a menos de 1m, restando 1 punto por cada metro de separación dos contedores RSU **(4 puntos)**

[...]

NIF: P1503600G

Unha vez finalizada a proba, á vista dos resultados obtidos polo aspirante, o tribunal adopta os seguintes ACORDOS:

PRIMEIRO. Aprobar o resultado provisional do segundo exercicio e declarar que foi superado polo aspirante JOSÉ MANUEL PIÑÓN REY, co seguinte detalle:

Proba 1			Proba 2 (2+2 ptos. máximo)	TOTAL PROBA PRÁCTICA
Primeira parte (2 puntos máx.)	Segunda parte (1 punto máx.)	Terceira parte (3 puntos)		
Identifica os elementos e explica as operacións de revisión.	Realiza a manobra correctamente, segundo o enunciado.	Efectúa a condución polas rúas indicadas e de forma correcta, sen incidencias.	- 1ª aproximación: 0,50 m. (2 ptos.) - 2ª aproximación: 1,10m. (1,9 ptos.) Descóntase 0,10 puntos polo exceso de 0,10 m.	9,90 puntos
2 puntos	1 punto	3 puntos	3,90 puntos	

SEGUNDO. Declarar que o aspirante está exento da realización do terceiro exercicio da fase de oposición de coñecemento e competencia da lingua galega, ao ter acreditado estar en posesión do nivel de coñecemento de galego CELGA 4, titulación superior á requirida na base cuarta: CELGA 3 ou equivalente.

TERCEIRO. Outorgar un prazo de cinco (5) días hábiles á persoa aspirante para presentar alegacións ou reclamacións fronte as cualificacións obtidas, contados a partir do día seguinte á súa publicación no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais.

CUARTO. Se non se presentan alegacións, fronte estes acordos, nin fronte aos adoptados na sesión anterior do 24 de abril de 2023, darase por finalizado o proceso selectivo e, na súa consecuencia:

1º. Elevarase automaticamente a definitiva a relación das persoas que superaron o proceso selectivo, co seguinte detalle:

APELIDOS E NOME	FASE CONCURSO	FASE OPOSICIÓN			PUNTOS TOTAL
		EXERCICIO 1º	EXERCICIO 2º	EXERCICIO 3º	
PIÑÓN REY, JOSÉ MANUEL	4	8	9,90	EXENTO	21,90

2º. Simultaneamente, elevarase á Alcaldía a proposta de nomeamento de JOSÉ MANUEL PIÑÓN REY para a vacante convocada de chofer-condutor por ser o único aspirante e ter superado o proceso selectivo. Non se propón unha relación complementaria por non existir máis aspirantes.

QUINTO. Ordenar a publicación dos anteditos acordos no taboleiro de anuncios e na páxina web municipais, así como o contido da proba práctica determinada polo tribunal.

SEXTO. Habilitar á secretaria do tribunal para a publicación dos anuncios relacionados coa elevación a definitiva de tódolos acordos do tribunal."

En Fene, asinado dixitalmente pola secretaria do tribunal, M. Sandra Pouso Fustes, o 4 de maio de 2023.